

# REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

## INSCRIPCIÓNS

1- A temporada da Modalidade de Billarda da Federación Galega de Deporte Autóctono comeza en setembro do ano presente e finaliza o 31 de agosto do ano seguinte. Esta temporada inclúe a Liga Galega de Billarda (LGB) e demais campionatos e torneos organizados pola FG DEPAU, Modalidade Billarda.

2- Haberá dúas únicas categorías de Licenzas Federativas, Senior e Infantil (6-16 anos).

3- Os clubs ou equipos estarán formados, como mínimo por 5 xogadores/as e sen número máximo de xogadores/as.

4- Os documentos para inscrición dun Club Deportivo ou Sección Deportiva son:

- Copia dos Estatutos do club (só a follas na que aparece o artigo no que se expresa a finalidade de practicar a Modalidade Deportiva de Billarda).
- Documento de Solicitud de Inscrición na Federación.
- Copia de NIF e Número de rexistro de entidade deportiva.

5- Os clubs ou equipos poderán fichar durante toda a temporada. Terán que presentar a documentación necesaria para tramitar a Licenza Federativa ata 48 horas antes da xornada de liga correspondente.

6-As Licenzas Federativas terán vixencia durante unha soa temporada. Os documentos para tramitar licenzas federativas son:

- **Licenza senior:**
  - DNI (copia dúas caras);
  - Documento de AUTORIZACIÓN para uso da imaxe persoal pola Federación.
- **Licenza infantil:**
  - DNI (dúas caras) ou libro de familia;

- Documento de AUTORIZACIÓN familiar para tramitar licenza federativa e para uso da imaxe da persoa menor pola Federación;
- Documento AUTORIZACIÓN familiar para subir os datos persoais da nena/veno á aplicación de inscrición no programa XOGADE da Secretaría Xeral para o Deporte.

7- As **Licenzas Federativas da nova temporada** deben estar tramitadas o 25 de agosto do ano en curso. O custe da Licenza Federativa será establecido polo Comité Técnico na súa reunión de organización e planificación de cada nova temporada.

8- Os pagos das Licenzas Federativas deberán estar abonados 48 horas antes da xornada de liga correspondente.

9- Ningún xogador/a federado/a poderá cambiar de equipo durante a temporada vixente. Deberá esperar ao comezo da nova temporada para cambiar de equipo.

10- A retirada dun equipo ou xogador/a durante a temporada non supón a devolución económica das Licenzas Federativas.

## PRESENTACIÓN

11- Os equipos deben dar a lista de xogadores/as antes do sábado ás 12 horas, no caso de que a xornada sexa en sábado, e o sábado ás 21 horas no caso de que a xornada sexa o domingo.

12- As delegadas/os de equipo serán as/os responsables de comunicar aos integrantes do seu club/equipo onde se xoga a xornada e a que hora.

13- **Todo xogador/a deberá ir debidamente uniformado, con pantalón longo ou curto e camiseta ou outra prenda deportiva que pertenza ao club que representa.**

14- Se algún/ha xogador/a dalgún club-equipo no é inscrito para xogar nunha xornada, poderá participar na xornada igualmente. Inscibirase no primeiro grupo con menos número de participantes ou, no seu caso, no primeiro grupo.

15- Se algún/ha xogador/a chega coa xornada xa iniciada terá que comezar no golpe e na carreira correspondentes.

## ACTAS OFICIAS

16- As actas oficiais serán cubertas polos/as arbitros/as durante a xornada.

17- Todo/a xogador/a terá acceso ás actas oficiais para consultar.

18- Ao final da xornada, as actas oficiais publicaranse na web [www.billarda.gal](http://www.billarda.gal) para que se poidan consultar en todo momento.

19- O prazo para calquera reclamación sobre os resultados é de 72 horas despois da finalización da xornada de liga. A reclamación será valorada polo Comité Técnico. O procedemento constará dunha fase de información, a través das persoas implicadas na carreira (árbitro/a, xuíz de varal e xogador/a) e dunha fase de toma de decisión sobre a reclamación.

20- As reclamacións fora de prazo non terán validez algunha.

## DATAS E HORARIO

21- O calendario oficial estará elaborado no primeira semana do mes de agosto. Este calendario constará das datas oficiais das xornadas da LGB. Estas datas terán a flexibilidade que as circunstancias precisen, previa autorización do Comité Técnico.

22- O horario será, para as xornadas disputadas en sábado, entre as 16h e 17h, e para as xornadas disputadas en domingo, ás 11h. Estes horarios terán a flexibilidade que as circunstancias precisen, previa autorización do Comité Técnico.

## NORMAS XERAIS E ESPECÍFICAS DE XOGO

23- As **normas xerais** do xogo están recollidas nos 83 artigos do Regulamento da Billarda, aprobado no seu día polo Comité Técnico de Billarda da Federación Galega de Deporte Autóctono

### Específicas

24- O campo terá unha lonxitude máxima de 40m

25- O sistema de competición consta dunha Fase Inicial de Grupos e dunha Fase Final Eliminatoria.

26- O número de grupos da Fase Inicial depende da número de xogadores/as participantes (4, 6 ou 8 grupos)

27- A Fase Inicial de Grupos constará de 5 carreiras a un máximo de 4 golpes por carreira.

28- O sistema de puntuación será:

- 1 golpe - 6 pts
- 2 golpe - 5 pts
- 3 golpe - 4 pts
- 4 golpe - 3 pts
- Non entrar 1 pts

29- Na Fase Final Eliminatoria competirán 24 xogadores/as. Os/as xogadores/as que disputen esta fase serán os/as que obteñan as 3, 4 ou 6 mellores puntuacións de cada un dos grupos. Xogarase en cruces eliminatorios de catro xogadores/as a 1 carreira ata completar o podio.

30- A final xogarana os/as 6 xogadores/as que superen os cruces eliminatorios e será disputando unha soa carreira.

31- Todo desempate será resolto cun golpe e ganará quen deixe a súa billarda máis cerca da liña de entrada do varal ou quen faga un varado.

32- No caso de que un/ha xogador/a na Fase Inicial de Grupos non consiga entrar en ningunha das carreiras, non poderá pasar á Fase Final Eliminatoria. Neste caso buscaríase a maior puntuación doutro grupo que non estivese clasificada para eliminatorias.

33- Os tres primeiros postos do podio absoluto levarán puntuación extra que se sumará á conseguida nas 5 carreiras:

- 1º - 3pts
- 2º - 2 pts
- 3º - 1 pts

## OBRIGACIÓNS, SANCIONS, PROHIBICIÓNS E RECLAMACIÓNS

34- O Comité Técnico da LGB estará representado por 1 persoa de cada equipo, o equipo que non exerza o seu dereito a ter representación deberá acatar as decisións tomadas. O mesmo sucederá en caso de ausencia de calquera reunión convocada onde se tome algunha decisión.

35- É obrigatorio o uso de uniforme deportivo en todas as competicións organizadas pola FG DEPAU para poder participar

36- Os resultados das xornadas, clasificacións, acontecementos e outros datos serán comunicados pola web [www.billarda.gal](http://www.billarda.gal)

37- Conforme aos estatutos da Federación Galega de Deporte Autóctono, cando un Equipo ou xogador/a federado/a sexa sancionado/a con dúas infraccións leves ou unha grave, poderá ser excluído ou apartado temporalmente da competición e perder a condición de Federado/a. Así mesmo, perderá o dereito a premio ou trofeos que puidese ter pendentes.

38- Toda sanción deberá ser decidida polo Comité Técnico de Billarda unha vez valoradas as circunstancias do caso.

## PROCEDEMENTOS DISCIPLINARIOS, CATEGORIAS

### Leves

39- O equipo que non presente a lista de xogadores/as ao seu debido tempo, será avisado a primeira vez que suceda, a segunda vez poderá ser considerada como infracción leve e a terceira vez como infracción grave.

40- O xogador que se inscriba fóra de prazo para xogar a xornada de liga, recibirá un aviso disciplinario, se se repite esta acción será considerada infracción leve e se reitera por terceira vez será infracción grave.

41- O/A xogador/a inscrito/a na xornada de liga e non se presente, sen causa xustificable, será avisado/a a primeira vez, a segunda vez considerarase infracción leve e a terceira vez será infracción grave.

#### **Graves**

42- Dúas infraccións leves considerarase unha infracción grave.

43- Por non gardar o máximo decoro, respecto ou ter un comportamento inadecuado o/a xogador/a poderá ser sancionado/a con 2 xornadas.

44- Se a un/ha xogador/a se lle advirte que está cometendo unha infracción, sexa leve ou grave, e continúa coa acción poderá ser sancionado con 3 xornadas sen xogar e coa anulación dos resultados da xornada presente.

45- Todo equipo que non respecte o calendario e se negue a organizar unha xornada, cambiar de data ou de lugar poderá ser excluído da competición temporalmente ou definitivamente. Excepto se concorren circunstancias especiais e o Comité Técnico ten autorizado o cambio.

#### **Moi graves**

46- Cometer 2 infraccións graves conleva a exclusión do equipo ou xogador no que resta de temporada e perde a súa condición de federado/a.